

Composición de tema. T.3, Bloque V. A restauración de Fernando VII e do absolutismo (as etapas do reinado).

Os seguintes textos permiten a elaboración dunha composición sobre as etapas do reinado de Fernando VII. Ao seu retorno a España en 1814, Fernando VII dá un golpe de estado e restaura o absolutismo e as institucións do Antigo Réxime, restablecendo o réxime señorial (Doc.1). Co triunfo do pronunciamento encabezado por Riego en 1820, Fernando VII vese forzado a xurar a Constitución de 1812 e a aceptar o restablecemento de parte da lexislación gaditana e as reformas político-económicas dos gobernos liberais. A división dos liberais en moderados e exaltados é aproveitada polos absolutistas que organizan "partidas realistas" contra o goberno constitucional, chegando a establecer unha Rexencia na Seu d'Urgell no nome do rei "cativo" que a súa vez conspira para derrocar o goberno (Doc. 2). En 1823 triunfa o golpe de estado, cunha intervención conxunta dun exército francés e dos voluntarios realistas, e prodúcese a segunda restauración absolutista. As crecentes dificultades económicas trala perda das colonias obrigan a Fernando VII a aceptar un reformismo moi moderado da Facenda e da Administración que é rexeitado polos "realistas puros", que o acusan de liberal e reclaman a sucesión do seu irmán Carlos M^a Isidro e o restablecemento da Inquisición. En 1827 a sublevación dos "agraviats" ou "malcontents" catalás, que piden a volta ao réxime señorial, rematará coa intervención de Fernando VII e unha dura represión (Doc. 3). Esta división do absolutismo acentuarase nos últimos anos do reinado coa cuestión sucesoria.

Doc. 1

[...] En tal estado fixéronse varias representacións por diferentes Grandes de España e Títulos de Castela, donos xurisdicionais de pobos nos reinos de Aragón e Valencia e outras provincias, queixándose dos desposos e atentados que, á sombra do citado Decreto sufriran e sufrían no goce e percepción dos dereitos preservados no mesmo Decreto, solicitando o seu pronto reintegro con resarcimento dos danos e prexuízos e intereses que produciran [...]

Tiven a ben mandar: que os chamados señoríos xurisdicionais sexan reintegrados decontado na percepción de tódalas súas rendas e froitos, emolumentos, prestacións e seus dereitos do seu señorío territorial e solariego, e nas de tódalas demais que disfrutasen antes do 6 de agosto de 1811 [...]

A restauración dos señoríos: cédula de Fernando VII (8-X-1814)

Doc. 2.

Espaníais: desde o 9 de marzo de 1820 o voso rei Fernando VII está cativo, impedido de facer o ben ao seu pobo e rexelo polas antigas leis, Constitución, foros e costumes da Península, ditados por Cortes sabias, libres e imparciais. Esta novidade é obra de algúns que, antepoñendo os seus intereses ao honor español, prestáronse a ser instrumentos para trastornar o altar, os tronos, a orde e a paz da Europa enteira (...). As reais ordes que se vos comunican no nome da SM son sen a súa liberdade ou coñecemento; a súa real persoa vive entre insultos e amarguras desde que, sublevada a parte do seu exército e ameazada de maiores males, viuse forzado a xurar unha Constitución feita durante o seu anterior cativerio.

REXENCIA SUPREMA. Proclama aos españois. Urgell, 15-8-1822 [cast.]

Doc. 3.

O REY.

"Cataláns: Xa estou entre vós (...) Pechade os oídos ás pérfidas insinuacións dos que (...) aparentando celo pola relixión que profanan e polo trono a quen insultan, só se propoñen arruinar esta industriosa provincia. Xa vedes desmentidos coa miña vinda os vans e absurdos pretextos con que ata o de agora procuraron cohonestar a súa rebelión. Nin eu estou oprimido, nin as persoas que merecen a miña confianza conspiran contra a nosa santa relixión, nin a patria periga, nin a honra da miña coroa se acha comprometida, nin a miña soberana autoridade é coartada por ninguén. A que, pois, toman as armas os que se chaman a si mesmos vasalos fieis, realistas puros e católicos celosos? Contra quen se propoñen empregalas? Contra o seu rei e señor. Si, cataláns, (...) é rebelarse abertamente contra a miña persoa (...); é imitar a conduta e ata a linguaxe dos revolucionarios de 1820; (...) Eu non podo crer que a miña real presenza deixe de disipar todas as preocupacións e receos, nin (...) que as maquinacións dos sedutores e conspiradores quedarán desconcertadas ao oír o meu acento. Pero, se contra as miñas esperanzas, non son escoitados estes últimos avisos (...) a memoria do castigo exemplar que espera aos obstinados durará por moito tempo.

Dado no Palacio arzobispal de Tarragona ao 28 de setembro de 1827.-

Eu O Rey.- Como Secretario de Estado e do Despacho de Gracia e Xustiza, Francisco Tadeo de Calomarde."